

1 PRAZA DE TECNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL C.E. 7/16, FUNCIONARIO/A DE CARREIRA.

A presente Convocatoria Específica constitúe o desenvolvemento da Oferta de Emprego deste Concello para o ano 2016 (BOP 16 de decembro de 2016) e réxese pola Convocatoria Unitaria para a provisión en propiedade de prazas de persoal funcionario de carreira e persoal laboral convocadas polo Concello da Coruña no ano 2010 (BOP 14 de decembro de 2010), en aplicación do disposto na base primeira da mesma, e polas seguintes:

BASES

1. Sistema de selección, número de prazas e a súa clasificación.

- Sistema selectivo: Concurso-Oposición.
- Nº prazas: 1
- Escala: Administración Especial.
- Subescala: Técnica.
- Clase: Técnicos Superiores.

2. Dotación económica.-

As retribucións correspondientes, a un posto de nivel 22 de complemento de destino do Grupo A1 e demais retribucións complementarias, segundo acordos adoptados pola Corporación respecto diso, e concretados na relación orzamentaria. As características dos postos de traballo vinculados a estas prazas e as súas características reflíctense na seguinte taboa:

Servizo	Cd. U. Org.	Unid. Org.	Ref. Pto.	Pto. Traballo	Gr.	N/C	Esc.	RE	Elem. Espec.
M. Amb.	MA3200	Resid. Urb.	1192	T. Residuos	A1	22	AE	F	FR10

3. Requisitos esixidos.-

As persoas aspirantes deberán reunir, na data de expiración do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión da titulación de licenciatura ou grao en química; bioloxía; arquitectura; enxeñería de camiños, canles e portos ou enxeñería industrial. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- b) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira.
- e) Non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Estar en posesión do título acreditativo de nivel de coñecemento da lingua Galega CELGA IV ou equivalente. As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente deberán facer unha proba de acreditación do coñecemento da lingua galega.

4. Dereitos de exame.-

Procederáase ao abono da taxa que estableza a Ordenanza Fiscal reguladora vixente no prazo de presentación de solicitudes. Deberá acompañarse á instancia de solicitude de participación no proceso selectivo unha copia do documento xustificativo do abono dos dereitos de exame.

Estarán exentas do pago da taxa:

- a) As persoas con minusvalía igual ou superior ao 33 por 100.
- b) Previa xustificación, as persoas que figurasen como demandantes de emprego durante un prazo de, polo menos, seis meses anteriores á data de expiración do prazo de presentación de instancias para a participación neste proceso selectivo. Para iso deberá presentarse o documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente.

Os dereitos de exame só serán devoltos a aquelas persoas que non fosen admitidas nas probas selectivas por non reunir os requisitos esixidos.

5. Presentación de instancias.-

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse á Alcaldía-Presidencia. Se presentarán no Rexistro Xeral do Concello no modelo oficial debidamente cumprimentado. Terán de prazo vinte días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Así mesmo, as instancias poderán presentarse en calquera das formas determinadas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para ser admitido/a e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas correspondentes, as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación.

Á instancia acompañarase inexcusablemente.

- Fotocopia do D.N.I.
- Carta de Pago acreditativa de abonar, coas excepcións sinaladas na base anterior, o importe dos dereitos de exame ou resgardo do xiro postal ou telegráfico do seu abono.
- Relación dos méritos que aleguen co fin de valoralos na fase de concurso. Os méritos serán enumerados segundo a orde establecida nesta convocatoria, acompañados dos documentos xustificativos.
- A acreditación do coñecemento da lingua galega se se dispón dela. En caso contrario a persoa aspirante terá que realizar a proba de coñecemento do idioma galego.
- Declarar si desexa o texto dos exames en galego ou en castelán.

6. Proba de coñecemento do idioma galego.-

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do título CELGA IV ou equivalente, deberán facer unha proba eliminatoria que se valorará co resultado de apto/a ou non apto/a. A proba, que se efectuará antes de iniciarse a fase de oposición, consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, e nun tempo máximo de 1 hora.

Os textos serán escollidos polo Tribunal calificador do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao Tribunal a fixación dos coñecementos mínimos esixidos para superar esta proba de acordo co nivel requerido para obter o certificado acreditativo do nivel de coñecemento de CELGA IV. Para o desenvolvemento desta proba o Tribunal calificador poderá nomear asesores.

Os/as aspirantes que non acreditasen estar en posesión do CELGA IV ou equivalente e que non superasen esta proba quedarán excluídos/as do proceso.

7. Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación:

7.1 Fase de concurso:

Con anterioridade á fase de oposición, procederáase á avaliación da fase de concurso. Non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte do Tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspi-

rantes. Soamente teranse en conta os documentos acreditativos que aqueles/as presentasen ata o peche do prazo da convocatoria, sen que poidan presentarse méritos en período de corrección.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento da finalización do prazo de presentación de instancias. Con todo, non será necesario presentar documentos que xa se atopen en poder desta Administración, o cal deberá ser alegado expresamente na instancia.

A valoración da fase de concurso farase conforme aos seguintes méritos

a) Experiencia:

Por servizos prestados en calquera Administración Pública en prazas da mesma categoría que a convocada, a razón de 0,25 puntos por mes. A experiencia laboral acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral, así como o certificado da administración de procedencia onde conste, entre outros extremos, a titularidade da praza e o posto desempeñado coas súas datas de inicio e de fin.

O máximo de puntuación por este apartado será de 8 puntos.

b) Cursos de formación e perfeccionamento:

Pola acreditación de asistencia a cursos específicos de formación e perfeccionamento expedidos ou homologados por organismos oficiais e directamente relacionados coa praza obxecto da presente convocatoria e coas materias relacionadas nos grupos 2 e 3 do temario. Non se puntuará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, simposios ou similares.

Cursos de duración comprendida entre 10 y 24 horas de duración	0,20 puntos
Duración comprendida entre 25 e 50 horas	0,40 puntos.
Duración comprendida entre 51 e 75 horas	0,60 puntos
Duración comprendida entre 76 e 100 horas	0,80 puntos.
Cursos de máis de 100 horas	1,00 puntos.

No caso de que as certificacións non especifiquen o número de horas de duración, ou no caso de cursos de duración inferior a 10 horas non se concederá puntuación algunha.

O máximo de puntuación por este apartado será de 6 puntos.

c) Cursos administrativos da lingua galega:

Título de linguaxe administrativa superior	2,00 puntos
Título de linguaxe administrativa media	1,00 punto

En caso de estar en posesión de distintas titulacións, valorarase unicamente o nivel máis alto de formación.

O máximo de puntuación por este apartado será de 2 puntos.

d) Coñecemento doutras linguas españolas ou estranxeiras:

Por cada lingua española distinta do castelán e galego, e por cada lingua estranxeira:

Acreditación do subnivel B1	0,50 puntos.
Acreditación do subnivel B2	1,00 punto.
Acreditación do subnivel C1	1,50 puntos.
Acreditación do subnivel C2	2,00 puntos.

En caso de estar en posesión de distintos niveis do mesmo idioma, valorarase unicamente o nivel máis alto de formación.

O máximo de puntuación por este apartado será de 2 puntos.

A puntuación obtida nesta fase, que se publicará na páxina web do Concello, será computada na valoración final das persoas aspirantes que superasen a fase de oposición, con indicación da puntuación obtida polos/as aspirantes finalistas da convocatoria. Esta puntuación tamén se sumará á puntuación obtida na

fase de oposición para a creación dunha lista de espera desta praza para cubrir necesidades futuras de interinidade.

Contra a valoración provisional da fase de concurso, os/as aspirantes poderán presentar, no prazo de 10 días seguintes á publicación, as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal. Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na valoración e procederase á publicación definitiva na páxina web do Concello da Coruña.

7.2 Fase de oposición.-

A oposición constará de catro exercicios, sendo os tres primeiros de carácter obrigatorio e eliminatorio e o cuarto de carácter obrigatorio e non eliminatorio.

Con carácter xeral en todos os exercicios da fase de oposición teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas no temario que estea en vigor no momento de publicación da relación definitiva de persoas aspirantes admitidas.

7.2.1 Primeiro exercicio.-

Consistirá en responder por escrito, nun tempo máximo de 120 minutos, un cuestionario tipo test de 120 preguntas, con catro respostas alternativas, sendo só una delas correcta. Tamén haberá que responder 12 preguntas adicionais de reserva. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria.

O exercicio será cualificado de 0 a 60 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 30 puntos para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados/as.

A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- Por cada resposta correcta outórgase 0,50 puntos.
- Por cada resposta incorrecta descontáranse 0,166 puntos.
- As respostas en branco ou nulas non puntuán.

As persoas aspirantes poderán levar a copia das súas respostas. O seguinte día hábil despois do exercicio publicarase o cadro de respostas correctas na páxina web do Concello da Coruña.

7.2.2 Segundo exercicio.-

De carácter práctico, consistente na realización dun caso práctico de carácter técnico proposto polo Tribunal, durante un período de 150 minutos. O enunciado do suposto será proposto polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e versará sobre os contidos das materias comprendidas nos grupos 2 e 3 do temario da convocatoria.

Este exercicio constará de dúas probas, que se realizarán en unidade de acto, de forma consecutiva:

a) Consistirá en desenvolver por escrito 10 cuestións con resposta curta, relacionadas co enunciado do caso práctico. Esta parte do exercicio será cualificada de 0 a 30 puntos, sendo preciso alcanzar un mínimo de 15 puntos para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados/as. O Tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima. Todas as preguntas valoraránse coa mesma puntuación.

b) Cada aspirante deberá dar unha solución a un suposto de carácter práctico, valorándose o estilo de redacción, a capacidade de síntese e os razoamentos empregados. Esta parte do exercicio será cualificada de 0 a 30 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 15 puntos para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados/as. O Tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima.

As persoas aspirantes poderán levar a copia do seu exercicio.

Os criterios xerais de corrección desta proba serán os seguintes:

1. O tribunal apreciará a aproximación á descrición e contido da normativa aplicable no esencial, incrementándose ou diminuíndo esta puntuación na correspondente proporción en función da súa aproximación ao devandito contido.

2. Terase en conta a concreción das respostas dadas, a motivación das mesmas e o completar todas as singularidades de cada resposta segundo o establecido na normativa reguladora que ampara as respostas de cada unha delas.

A puntuación total deste exercicio será de 60 puntos. Os/as aspirantes que non alcancen as puntuacións mencionadas anteriormente nos dous apartados anteriores serán eliminados/as.

7.2.3 Terceiro exercicio.-

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas, tres temas a elixir entre seis do temario que se achega a esta convocatoria, extraídos ao azar polo Tribunal.

O tribunal valorará que as respostas se axusten aos contidos dos epígrafes do tema elixido, a estrutura da exposición, a precisión da linguaxe utilizada e a capacidade de síntese.

As persoas aspirantes poderán levar a copia do seu exercicio.

A cualificación global deste exercicio será de 0 a 30 puntos. Cada tema cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos en cada un dos temas para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen as puntuacións mencionadas anteriormente neste parágrafo serán eliminados/as.

O Tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima.

7.2.4 Cuarto exercicio.-

De carácter obrigatorio e non eliminatorio, consistirá na redacción dun documento mediante o manexo dunha aplicación informática a nivel de usuario/a. Para esta proba utilizaranse ferramentas informáticas (Windows7, Office2010), durante un tempo máximo de 30 minutos. Este exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos.

7.2.5 Realización dos exercicios.

As persoas aspirantes acudirán provistas do D.N.I. e non se permitirá o acceso ás aulas nas que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

8. Cualificación final.-

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e concurso, non podendo superar o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do Tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos aos/as aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame dedúzase que carecen dos requisitos indicados na base 3 da presente convocatoria.

Efectuarase unha relación complementaria cos/coas aspirantes finalistas que non obtivesen praza co fin de crear unha lista de espera para cubrir necesidades futuras na cobertura interina de postos ligados a praza da mesma natureza que a convocada. A lista xestionarase de conformidade coa Instrución 4/2017 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do concello da Coruña.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas obxecto da presente convocatoria que non resulten cubertas á súa finalización por non superar o proceso selectivo un número suficiente de aspirantes.

As cualificacións das persoas aspirantes finalistas aprobadas serán publicadas na páxina web do Concello da Coruña.

Contra a resolución que poña fin ao proceso selectivo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de alzada conforme o previsto no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9. Desempate.-

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

- 1º A nota máis alta no primeiro exercicio da fase de oposición
- 2º A nota máis alta no segundo exercicio da fase de oposición
- 3º A nota máis alta no terceiro exercicio da fase de oposición.

10. Acreditación dos requisitos esixidos.-

Os/as candidatos/as finalistas que fosen propostos/as polo Tribunal para ocupar as prazas convocadas deberán achegar, no prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación da proposta do Tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir as prazas convocadas, que serán os indicados na base de "Requisitos esixidos" desta convocatoria.

A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente a unha renuncia, axustándose as posicións das demais persoas aspirantes de acordo coas puntuacións obtidas no proceso selectivo.

11. Publicidade do proceso selectivo e presentación de reclamacións.-

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse a través do teléfono municipal de información 010 (981 920 010 para chamadas desde fora do termo municipal) e na páxina web do Concello da Coruña, (www.coruna.es) sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finaliza unha valoración ou proba e esta sexa publicada na páxina web. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba publicada, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. A reclamación tamén pode consistir na consulta do exercicio da propia persoa aspirante co fin de coñecer as razóns da súa puntuación.

En todos os casos, para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de cinco días contados a partir do día seguinte ao da publicación. Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación nalgún dos rexistros pertencentes ao Concello da Coruña, poderán facelo enviando ao fax 981 184286, ou ao correo electrónico selecciondepersonal@coruna.es, a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

TEMARIO

Grupo 1

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978. Estructura. Título Preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. Reforma constitucional.

TEMA 2.- A Coroa. As Cortes Xerais: composición. Funcións. Funcionamento.

TEMA 3.- O Goberno. Composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.

TEMA 4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. O Consello da Xunta. O Presidente. A administración de Xustiza. Competencias.

TEMA 5.- A Lei: Concepto e clases. Disposicións normativas con forza de lei. O Regulamento: concepto. Clasificación dos regulamentos. Ordenanzas e regulamentos municipais. Procedemento de elaboración. Os Regulamentos Orgánicos do Concello da Coruña.

TEMA 6.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Pública. A capacidade de obrar e o concepto de interesado. Identificación e firma dos interesados no procedemento administrativo. A actividade das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación.

TEMA 7.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Pública. Dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas. Dereito e obrigação de relacionarse electrónicamente coas administracións públicas. Linguas dos procedementos. Rexistros. Colaboración e comparecencia das persoas. Responsabilidade da tramitación.

TEMA 8.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Pública. Dos actos administrativos. Concepto e clases. Elementos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos. A notificación. Nulidade e anulabilidade.

TEMA 9.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Pública. O procedemento administrativo: Iniciación, ordenación, instrución e terminación

Tema 10.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Pública. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo.

TEMA 11.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Pública. Recursos administrativos. Principios xerais. Obxecto e clases. Normas xerais dos recursos administrativos. Recurso de alzada. Recurso de reposición. Recurso extraordinario de revisión. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje. A suspensión da execución do acto percorrido.

TEMA 12.- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Competencias. Organos colexiados: funcionamento e réxime. Abstención e recusación.

TEMA 13.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. O municipio. Elementos. Territorio e poboación. Organización.

TEMA 14.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. Municipios de Gran Poboación: O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: Composición e atribucións. O Pleno: Composición e competencias. As Comisións Informativas.

TEMA 15.- A organización do Concello da Coruña. Distritos. Comisión de Suxerencias e Reclamacións. O Consello Social da Cidade. O Tribunal Económico-Administrativo. Órganos Superiores e Directivos. Empresas públicas municipais, organismos autónomos e consorcios.

TEMA 16.- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia: Clases de funcionarios. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.

TEMA 17.- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia: Dereitos e deberes dos funcionarios locais . Código de conduta dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades.

TEMA 18.- A Lei 9/2017 de Contratos do sector público: Normativa de aplicación. Tipoloxías de contratos e clasificación. Capacidade e solvencia. Obxecto, prezo e elementos formais.

TEMA 19.- A Lei 9/2017 de Contratos do sector público: A adxudicación de contratos. Os procedementos de adxudicación.

TEMA 20.- A Lei 9/2017 de Contratos do sector público: Execución e modificación dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración. A extinción. A cesión dos contratos e a subcontratación.

TEMA 21.- A Lei 9/2017 de Contratos do sector público: O contrato de obras. Actuacións administrativas preparatorias. Formas de adxudicación. Execución, modificación e extinción. A cesión do contrato e subcontrato de obras. Execución de obras pola propia Administración. O contrato de subministración. O contrato de servizos.

TEMA 22.- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os recursos das Facendas Locais. Taxas e prezos públicos.

TEMA 23.- Marco normativo específico da Prevención de Riscos Laborais. A Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais. Plan Xeral de Prevención de Riscos Laborais do Concello da Coruña.

TEMA 24.- Normativa estatal e galega en materia de igualdade: A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: título V o principio de igualdade no emprego público. O Decreto 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título I integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

TEMA 25.- A transversalidade de xénero. A instrucción de transversalidade do Concello da Coruña aprobada por Acordo da Xunta de Goberno Local 11/03/2016 (BOP Nº 68, do 12/04/2016): Estructuras competentes e criterios de transversalidade.

TEMA 26.- Lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal: Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

Grupo 2

TEMA 27.- Marco xeral. O medio ambiente na Constitución Española. Organización administrativa en materia de medio ambiente en España. Distribución de competencias.

TEMA 28.- Marco xeral. Política Comunitaria en materia de Medio Ambiente. Programas Comunitarios de acción en materia de Medio Ambiente. Axencia Europea de Medio Ambiente.

TEMA 29.- Marco xeral. Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.

TEMA 30.- Marco xeral. O municipio e o medio ambiente na lexislación reguladora do Réxime Local. Competencias das Corporacións Locais.

TEMA 31.- Marco xeral. Contaminación e saúde pública. Cambios ambientais e riscos para a saúde humana. Principais tipos de contaminantes ambientais. Orixe e efectos dos mesmos. Desenvolvemento sustentable. Concepto e principais principios. O papel das cidades e autoridades locais: principais fitos internacionais e a Axenda 21 Local.

TEMA 32.- Residuos. Normativa comunitaria, estatal, autonómica e local. Competencias das distintas Administracións Públicas. Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e a súa normativa de desenvolvemento. Os residuos. Concepto e clases de residuos. A xestión dos residuos: principios e obxectivos. Instrumentos da política de residuos. Os plans e programas de residuos, con especial referencia a Galicia.

TEMA 33.- Residuos. Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

TEMA 34.- Residuos. Produción, posesión e xestión de residuos. Obrigacións do produtor. Xestión de residuos. Biorresiduos. Traslado de residuos. Réxime de autorización e comunicación das actividades de produción e xestión de residuos. Responsabilidade ampliada do produtor do produto. Información sobre residuos. Responsabilidade, vixilancia, inspección, control e réxime sancionador.

TEMA 35.- Residuos. Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

TEMA 36.- Residuos. Residuos urbanos. Diferentes tipos de recollida: vantaxes e inconvenientes. Sistemas de contenerización para diferentes modelos de recollida (carga lateral, carga traseira, carga bilateral, etc.) e tipoloxías de residuos. Análise de custos, sistemas de información e novas tecnoloxías aplicadas ao control e xestión da recollida de residuos.

TEMA 37.- Residuos. Vertedoiros. Construción, mantemento, xestión, selado e mantemento post-clausura. Real Decreto 1481/2001, de 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

TEMA 38.- Residuos. Tratamento de residuos urbanos. Plantas de clasificación e selección de residuos. Plantas de tratamento. Compostaxe e biometanización. Tipos de tratamento: mecánico-biolóxico; fracción orgánica; fracción inorgánica. Valorización enerxética.

TEMA 39.- Residuos. Residuos sólidos urbanos. A recollida selectiva: metodoloxía e tipos. Sistemas de tratamento. Políticas de residuo cero e economía circular. Instrumentos económicos e de mercado: pago por xeración; perda de anonimato; bolsas de subproductos; mercados de materiais recuperados; etc.

TEMA 40.- Resíduos. Resíduos orgánicos e a súa xestión, en particular a compostaxe comunitaria e doméstico. Sistemas específicos de recollida selectiva e tratamento da materia orgánica. Recollida porta a porta.

TEMA 41.- Resíduos. Os residuos perigosos. Concepto e clasificación dos mesmos. Real Decreto 833/1988, de 20 de xullo. Resíduos especiais: Pneumáticos fóra de uso; residuos de construción e demolición; aparatos eléctricos e electrónicos usados e de pilas e acumuladores usados.

TEMA 42.- Resíduos. Decreto 38/2015, de 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia.

TEMA 43.- Resíduos. Ordenanza de xestión de residuos municipais e limpeza viaria do Concello da Coruña. Regulación das ordenanzas fiscais municipais en materia de residuos.

TEMA 44.- Resíduos. Plan Estatal Marco de Xestión de Resíduos 2016-2022 (PEMAR). Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022 (Priga).

TEMA 45.- Resíduos. Os envases e residuos de envases. Prevención, reutilización e reciclado. Redución e valorización. Sistemas de depósito, devolución e retorno. Sistemas integrados de xestión. Convenio Xunta de Galicia e Ecoembes sobre residuos de envases.

TEMA 46.- Resíduos. Lexislación reguladora, planificación e alternativas de xestión de aceites usados, PCB's e PCT's. Sistemas de recollida e tratamento de aceite doméstico. Resíduos téxtiles. Voluminosos

TEMA 47.- Resíduos. Puntos limpos. Punto limpo móbil. Minipuntos limpos. Sistema de xestión e control destes establecementos.

TEMA 48.- Limpeza. Limpeza viaria: modelos de xestión; formas de varrido ou limpeza e maquinaria aplicable; papeleiras.

TEMA 49.- Limpeza. Limpeza de praias urbanas: sistema de limpeza, xestión e mantemento; maquinaria; mobiliario; accesibilidade; seguridade.

TEMA 50.- Atmosfera. Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera e normativa de desenvolvemento. Principios reitores. Competencias das administracións públicas. Obrigacións dos titulares das instalacións. Información ao público.

TEMA 51.- Atmosfera. Lei 8/2002, de 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.

TEMA 52.- Atmosfera. Avaliación e xestión da calidade do aire nas cidades. Normativa comunitaria, estatal, autonómica. Contaminantes atmosféricos. Avaliación da calidade do aire. Zonificación do territorio e aplicación de plans de e programas para a consecución dos obxectivos de calidade do aire. Competencias das diferentes Administracións Públicas. Contaminación por cheiros. Control, vixilancia e seguimento. Real Decreto 102/2011, de 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.

TEMA 53.- Atmosfera. Prevención e control das emisións. Actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera. Réxime sancionador.

TEMA 54.- Atmosfera. O cambio climático. Causas naturais de cambios no clima. Quecemento Global. Efectos. Atmosfera. A Carta de Aalborg. O pacto de alcaldes e plans de acción de enerxía sustentable e aforro enerxético nos municipios. Decreto de creación da Oficina de Cambio Climático do Concello da Coruña.

TEMA 55.- Contaminación acústica. Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e normas de desenvolvemento. Concepto de ruído ambiental. Normativa comunitaria, estatal, autonómica e do Concello da Coruña.

TEMA 56.- Contaminación acústica. Clasificación das aglomeracións urbanas para os efectos da xestión do ruído ambiental. Principais indicadores de ruído utilizados na avaliación do ruído ambiental urbano.

TEMA 57.- Contaminación acústica. Mapas de ruído e mapas estratéxicos: concepto, obxectivos e contido mínimo. Zonas de servidume acústica: definición e implicacións sobre o plan urbano.

TEMA 58.- Contaminación acústica. Ordenanza de protección contra a contaminación acústica.

TEMA 59.- Enerxía. Iluminación pública: tipos de lámpadas; luminarias; báculos; deseño; e cálculo en vías públicas (niveis de iluminación, sistemas de zonificación, iluminacións singulares en interseccións, rotondas, cruces a distinto nivel).

Grupo 3

TEMA 60.- Enerxía. Proceso de certificación enerxética nos edificios: cualificación enerxética, certificación de eficiencia enerxética de proxecto. Certificación de eficiencia enerxética do edificio. Certificado de eficiencia enerxética de proxecto. Certificado de eficiencia enerxética do edificio e etiqueta de eficiencia enerxética

TEMA 61.- Enerxía. Redes de gas na vía pública. Normativa aplicable de canalizacións, distancias de seguridade, valvometrías, acometidas, etc.

TEMA 62.- Augas. Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia. Título III: do abastecemento de poboacións e o saneamento e depuración das augas residuais.

TEMA 63.- Augas. O dominio público hidráulico. Bens que o integran. A administración da auga. A planificación hidrolóxica. A utilización do dominio público hidráulico.

TEMA 64.- Augas. A calidade das augas. A calidade da auga destinada ao consumo e ao baño. Real Decreto 817/2015, de 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental. Plan Nacional de Calidade da Auga: Saneamento e Depuración 2007-2015. Analíticas das augas de baño.

TEMA 65.- Augas. O saneamento das cidades. Características xerais. Redes de saneamento e acometidas: principios básicos de deseño e execución. Vantaxes e inconvenientes de sistemas unitarios o separativos. Plantas de depuración de augas residuais e fases de tratamento. Real Decreto-lei 11/1995, de 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas.

TEMA 66.- Augas. Redes de auga na vía pública, acometidas, canalizacións, tubaxes, valvulerías, acometidas, etc. Deseño hidráulico e ambiental, características e xestión das redes de saneamento.

TEMA 67.- Augas. Saneamento. Instalacións de bombeo de rede de sumidoiros. Tipos de bombas, salas de bombas, deseño, telegestión e mantemento. Regulación de niveis e aliviadoiros. Sistemas de desbaste á entrada dunha estación de bombeo. Métodos de tratamento de cheiros e ventilación. Sistemas de control.

TEMA 68.- Augas. Verteduras ao medio acuático continental: a contaminación das augas; principais accións, axentes e sustancias contaminantes das augas. Protección das augas subterráneas.

TEMA 69.- Augas. Instrumentos administrativos para a xestión das verteduras de augas residuais. Autorización de vertedura: definicións e competencias. Tramitación da autorización de vertedura. A declaración de vertedura. Condicionamento da autorización de vertedura. Censos locais e censo nacional de verteduras.

TEMA 70.- Augas. Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento de Concello da Coruña.

TEMA 71.- Augas. Réxime económico-financieiro da utilización do Dominio Público Hidráulico. Canons, taxas e tarifas. Canon de control de verteduras.

TEMA 72.- Augas. Infraccións e sancións que causen danos aos bens do Dominio Público Hidráulico. Determinación de danos ao Dominio Público Hidráulico.

TEMA 73.- Ordenación administrativa de actividades e instalacións. Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia: regulación integrada do exercicio de actividades.

TEMA 74.- A Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

TEMA 75.- Ordenación administrativa de actividades e instalacións. Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (IPPC). Real Decreto 508/2007 polo que se regula o subministro de información sobre emisións do regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas.

TEMA 76.- Ordenación administrativa de actividades e instalacións. Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade ambiental e normativa de desenvolvemento: disposicións xerais, atribución de responsabilidades e prevención, evitación e reparación de danos medioambientais.

TEMA 77.- Ordenación administrativa de actividades e instalacións. Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental. Principios e disposicións xerais. Avaliación ambiental estratéxica.

TEMA 78.- Ordenación administrativa de actividades e instalacións. Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental. Avaliación de impacto ambiental.

TEMA 79.- Ordenanza municipal reguladora das condicións de autorización da infraestruturas de telecomunicacións no termo municipal da Coruña.

TEMA 80.- Solos. Lei 2/2016, do solo de Galicia: A clasificación do solo, réxime xurídico.

TEMA 81.- Solos. Lei 2/2016, do solo de Galicia: Intervención administrativa na edificación ou uso do solo; A autorización administrativa previa a través da licenza urbanística: Réxime xurídico con especial referencia ao silencio administrativo; Outras técnicas autorizatorias: A comunicación previa ou a declaración responsable.

TEMA 82.- Solos. Lei 2/2016, do solo de Galicia: As ordes de execución; Deberes de conservación e réxime da declaración de ruína.

TEMA 83.- Solos. As actividades industriais, agrícolas e gandeiras. A descontaminación do solo ou restauración. Real Decreto 9/2005, de 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados. Decreto 60/2009, de 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados de Galicia.

TEMA 84.- Costas e medio mariño. Mareas. Evolución de praias, costas e estuarios. Causas e formas de protección. Cambio climático, riscos naturais e ordenación costeira. Medidas de adaptación ao cambio climático. Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas e regulamento de desenvolvemento.

TEMA 85.- Lei 41/2010 de protección do medio mariño. Real Decreto 1695/2012, de 21 de decembro, polo que se aproba o Sistema Nacional de Resposta ante a contaminación mariña. Orde AAA/702/2014 pola que se aproba o Plan Estatal de Protección da Ribeira do Mar contra a Contaminación. Plan Territorial de Contaminación Mariña Accidental de Galicia (Plan CAMGAL).

TEMA 86.- Información e participación ambiental. Lei 27/2006, de 18 de xullo pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

TEMA 87.- Xestión ambiental de organizacións. Sistemas de xestión ambiental e da calidade. ISO 14001. ISO 9001. Regulamento europeo relativo a un sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (SGAM ou EMAS). Concepto. Obxecto. Ámbito de aplicación. A revisión da aplicación do regulamento. A relación entre o sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais e ISO. Sistema de administración de enerxía: ISO 50001.

TEMA 88.- Etiqueta ecolóxica. Regulamento núm. 66/2010, de 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea.

TEMA 89.- Sustancias perigosas. Regulamento CE 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das sustancias e preparados químicos (REACH). Política española en materia de sustentabilidade química. Convenios e acordos sobre químicos do Programa de Medio Ambiente de Nacións Unidas.

TEMA 90.- Código Penal: Dos delitos contra os recursos naturais e o medio ambiente. Dos delitos relativos á protección da flora e a fauna. Delitos de incendios forestais. Delito ecolóxico. Procedemento sancionador: Principios informadores. A denuncia: forma, contido mínimo, prazos de presentación e seguimento.

A Coruña, 20 de xuño de 2018

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

A Concelleira delegada de Facenda e Administración

María Eugenia Vieito Blanco